



Diana López Varela
Maternofobia

As mulleres españolas son as europeas que menos fillos teñen, moi lonxe da taxa de reemplazo coa que supostamente se apuntalará o sistema de pensións, ameazado pola precariedade laboral e a baixa natalidade. Ademais, somos nais tardías e pese a tódalas advertencias, ameazas e barreiras á libre elección, a fecundidade segue estancada. Moitas mulleres en idade fértil nunca terán fillos, outras chegarán ó límite biolóxico e entregarán o seu corpo á ciencia en aras do novo negocio do século: a reprodución asistida.

Frente a este fenómeno, e no lado oposto, xorde un modelo de maternidade militante que desde Instagram anima ás novas nais a regresar ás súas casas baixo a gracia do amor maternal. Pero, de verdade é iso posible? A incorporación masiva das nais ao mercado laboral é unha realidade e a nosa precariedade e falta de tempo, tamén. As criaturas están escolarizadas desde os primeiros meses de vida e as mulleres máis esgotadas que nunca. Por iso, cando non es nai sintes como te bombardean con mensaxes que incitan á maternidade, a un tipo de maternidade en concreto, e cando o es, dáste conta do invisibilizadas que están as nais no discurso político e económico.

É normal que convivan ambos discursos. O sistema quere a mulleres permanentemente insatisfeitas. Culpables por elixir.

FALADOIRO

*Entre a maternofobia e a
maternidade intensiva:
as nais que somos*

Diana López Varela
(xornalista e guionista)

Martes, 7 novembro 2023
ás 19:00